



NORMAS CONGRESUAIS

12º CONGRESO DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA
Aprobadas no Consello Nacional Extraordinario do 13 de novembro de 2020

ÍNDICE

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Primeira. Obxecto das normas congresuais e do proceso congresual xeral do S. N. de CCOO de Galicia e das súas organizacións

Segunda. Convocatoria do proceso congresual e aprobación das normas congresuais do Sindicato Nacional e das súas organizacións

Terceira. Estrutura do proceso congresual e calendario

Cuarta. Medias de cotización e censos electorais para calcular a repartición de delegados e delegadas

Quinta. Convocatoria e acreditación de delegados e delegadas

Sexta. Participación dos delegados e delegadas

Sétima. Mesa do congreso ou da asemblea congresual

Oitava. Comisión técnica do congreso

Novena. Comisión de candidaturas

Décima. Requisitos das candidatas e candidatos a delegadas e delegados e aos órganos da estrutura sindical de CCOO

Décimo primeira. Requisitos para a presentación de candidaturas á elección de delegados e delegadas e órganos do sindicato

Décimo segunda. Presentación dun mesmo candidato ou candidata en máis dunha candidatura

Décimo terceira. Renuncia de candidatos e candidatas

Décimo cuarta. Votacións, escrutinio e atribución de resultados

Décimo quinta. Actas

Décimo sexta. Comisións de Interpretación de Normas (CIN)

CAPÍTULO II

Das normas específicas para a celebración das conferencias e asembleas congresuais de nivel I no marco do 12º Congreso da Confederación Sindical de Comisións Obreiras

Décimo sétima. Seccións sindicais de centro de traballo e/ou empresa que estean constituídas e rexistradas no SIC

Décimo oitava. Centros de traballo e/ou empresas e seccións sindicais constituídas e rexistradas no SIC, sen delegación propia

Décimo novena. Obxecto das conferencias e asembleas congresuais

Vixésima. Convocatoria das conferencias congresuais e asembleas congresuais

Vixésima bis. Asistencia ás conferencias e asembleas congresuais

Vixésimo primeira. Órgano que executa a convocatoria das conferencias congresuais ou das asembleas congresuais das seccións sindicais constituídas

Vixésimo segunda. Órgano que executa a convocatoria das asembleas congresuais correspondentes aos agrupamentos de centros de traballo e/ou empresa ou das seccións sindicais sen delegación propia

Vixésimo terceira. Censo electoral

Vixésimo cuarta. Orde do día e regulamento das conferencias e das asembleas congresuais

Vixésimo quinta. Presidencia das conferencias congresuais

Vixésimo sexta. Presidencia das asembleas congresuais

Vixésimo sétima. Funcións da presidencia

Vixésimo oitava: Desenvolvemento das conferencias e asembleas congresuais

Vixésimo novena: Colexios electorais das asembleas congresuais

Trixésima. Mesas electorais

Trixésimo primeira. Funcións e competencias das mesas electorais

Trixésimo segunda. Presentación de candidaturas

Trixésimo terceira. Votacións, escrutinio e atribución de resultados

Trixésimo cuarta. Actas

CAPÍTULO III

Das normas específicas para o desenvolvemento do proceso congresual nos niveis II e III no marco do 12º Congreso do Sindicato Nacional de Comisi3ns Obreiras de Galicia

Trix3simo quinta. Execuci3n da convocatoria espec3fica e funcionamento dos congresos de nivel II, III e IV

Trix3simo sexta. Composici3n dos congresos

Trix3simo s3tima. Orde do d3a dos congresos

Trix3simo oitava. Regulamento do congreso

CAPÍTULO IV

Das normas espec3ficas sobre o funcionamento do 12º Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia

CAPÍTULO V

Das normas sobre os acordos dos congresos previos ao 12º Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia

CAPÍTULO VI

Procedemento de reclamaci3ns no marco do 12º Congreso do S. N. de CCOO de Galicia

DISPOSICI3N TRANSITORIA

DISPOSICI3NS FINAIS

ANEXOS

ANEXO I. Composici3n dos congresos ou asembleas congresuais de nivel II

ANEXO II. N3mero de delegados e delegadas que compo3ner3n os diferentes congresos ou asembleas congresuais de nivel III e o 12º Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia

ANEXO III. Proposta organizativa dos3rganos de direcci3n do S.N. de CCOO de Galicia

ANEXO IV. Protecci3n das persoas afiliadas en relaci3n co tratamento dos seus datos persoais

ANEXO V. Medidas de seguridade en materia de protecci3n de datos nos procesos congresuais de CCOO

ANEXO VI. Instruci3ns b3sicas para a votaci3n electr3nica

ANEXO VII. Modelos de actas

ANEXO VIII. Modelo para reclamaci3ns sobre actos do proceso congresual

ANEXO IX Aprobaci3n da modificaci3n dos anexos de contido organizativo das uni3ns comarcais e intercomarcais do S.N. de CCOO de Galicia para a celebraci3n dos seus respectivos Congresos (t3boa resumo)

NORMAS DO PROCESO CONGRESUAL DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA

O Consello Nacional, na súa reunión do 14 de xullo de 2020, aproba a convocatoria do 12º Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia.

Tendo en conta o disposto no artigo 28, *b*, 2 dos Estatutos do S. N. de CCOO de Galicia, este Consello tamén aproba as Normas congresuais que rexerán o proceso congresual do Sindicato Nacional.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Primeira. Obxecto das normas congresuais e do proceso congresual xeral do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia e das súas organizacións

1. Estas normas, xunto cos Estatutos confederais e do Sindicato Nacional, son as regras básicas do proceso congresual que se desenvolverá no marco do 12º Congreso do Sindicato Nacional, que non poderán contradicir as Normas da Confederación Sindical de CCOO.
2. No proceso congresual do 12º Congreso do S. N. de CCOO de Galicia elixiranse os seus órganos estatutarios así como os de todas as súas estruturas organizativas, e someteranse a debate, emenda e aprobación os diversos relatorios das organizacións de ámbito confederal, territorial e federal.

Segunda. Convocatoria do proceso congresual e aprobación das normas congresuais do Sindicato Nacional e das súas organizacións

1. Coa convocatoria do 12º Congreso do S. N. de CCOO de Galicia, ademais de aprobar as presentes normas conforme ao recollido nos Estatutos actuais, quedan convocadas todas as asembleas congresuais, conferencias congresuais e congresos do conxunto do S. N. de CCOO de Galicia, actos que deben celebrarse dentro das datas sinaladas no calendario fixado nestas Normas.
2. Para o suposto de que, debido a incidencias ou reclamacións ou outras circunstancias sobrevidas, estes actos non puideren celebrarse nos períodos previstos, estarase ao que se acorde na resolución da Comisión de Interpretación de Normas (CIN) do S. N. de CCOO de Galicia.
3. Os mandatos dos congresos extraordinarios vixentes verán reducida a súa duración. Desta maneira, todas as organizacións do S. N. de CCOO de Galicia e da súa estrutura organizativa realizarán os congresos dentro do presente proceso congresual. Ao mesmo tempo, os congresos daquelas organizacións que, por causas excepcionais, se realizaron fóra do calendario establecido no proceso congresual anterior, así como os congresos extraordinarios pendentes de convocar, adaptaranse ao calendario fixado nestas normas.

Polo tanto, todos os órganos estatutarios do S. N. de CCOO de Galicia serán obxecto de elección no presente proceso congresual e, por iso, todas as persoas integrantes dos actuais órganos sindicais cesarán nas súas funcións no momento en que se constituán as mesas de cada un dos congresos e conferencias.

4. Nestas normas inclúense as adecuacións oportunas para aplicar naqueles casos en que non se encontre constituída algunha organización territorial ou de rama do ámbito da convocatoria da asemblea congresual ou congreso correspondente, sen que isto implique diferenciación de dereitos de participación ou elección entre a afiliación. En todo caso, a composición dos congresos de nivel III e do S. N. de CCOO de Galicia farase de forma directamente proporcional ás organizacións do respectivo nivel inferior de onde proceden as cotizacións (artigo 27.a dos Estatutos confederais).

Estas normas, unha vez aprobadas, serán comunicadas ás estruturas inferiores do noso ámbito e á Secretaría de Organización Confederal.

Así mesmo, publicaranse na páxina web do S. N. de CCOO de Galicia para o coñecemento xeral da afiliación e poderán ser impugnadas, **en primeira instancia, ante a súa Comisión de Interpretación de Normas no prazo de cinco días hábiles contados a partir da súa publicación.**

5. As estruturas organizativas dos niveis I, II e III absteranse de elaborar normas congresuais, e deberán rexerse única e exclusivamente polas da súa rama, no caso das federacións, e polas do S. N. de CCOO de Galicia no caso das unións. Para a execución do proceso congresual nos ámbitos I, II e III, as normas congresuais incluírán un *ANEXO* de contido organizativo que recolla as circunstancias particulares e concretas de todos e cada un dos congresos, conferencias e asembleas congresuais, entre as que deben figurar, ineludiblemente: o ámbito dos congresos de nivel III e nivel II (ou, de ser o caso, das asembleas congresuais), o número de delegados e delegadas que se han elixir, a porcentaxe de xénero e as datas de celebración dos actos.
6. As seccións sindicais constituídas cuxos órganos de dirección superaran o tempo do seu mandato ou cuxo mandato remate antes do 1 de xullo de 2021, celebrarán a **conferencia congresual** correspondente para elixir os seus órganos de dirección e, se for o caso, a delegación que deberá asistir aos congresos ou asembleas congresuais de nivel II ou nivel III, dentro das datas sinaladas no calendario para o nivel I.

Neste mesmo período, celebrarán **assemblea congresual** para elixir delegacións ao nivel II e nivel III aquelas seccións sindicais cuxos órganos de dirección rematen o seu mandato nunha data posterior ao citado 1 de xullo de 2021, sempre que lles corresponda por afiliación a elección das ditas delegacións.

Terceira. Estrutura do proceso congresual e calendario

Nivel I e nivel II.

- a) O nivel I corresponde ás conferencias congresuais das seccións sindicais constituídas que cumpran cos requisitos establecidos nas normas específicas para o nivel I, e ás asembleas congresuais agrupadas. Tamén se inclúen neste nivel organizativo as conferencias das seccións sindicais do mesmo ámbito territorial.
- b) Nestas asembleas congresuais elixíranse os delegados e delegadas que asistirán aos congresos ou, de ser o caso, asembleas congresuais de nivel II.
- c) Nas conferencias das seccións sindicais elixíranse os órganos específicos e, de corresponderlles, tamén elixirán os delegados e delegadas que asistirán aos congresos ou asembleas congresuais de nivel II.
- d) O nivel II corresponde aos congresos dos sindicatos provinciais, comarcais ou intercomarcais, ou asembleas congresuais do mesmo ámbito onde non están constituídos.
- e) A estes congresos asistirán as persoas elixidas delegadas nivel I, e neles elixíranse os seus órganos específicos e as delegacións que asistirán aos congresos das federacións nacionais e unións comarcais ou intercomarcais (nivel III).
- f) Se os sindicatos non estiveren constituídos, as persoas delegadas elixidas no nivel I reuniránse en asemblea congresual e elixirán as delegacións que asistirán aos congresos das federacións de nacionalidade e das unións comarcais ou intercomarcais (nivel III) e o coordinador ou coordinadora (artigo 17.3 dos Estatutos confederais).
- g) Estas asembleas de nivel I e os congresos ou asembleas congresuais de nivel II deberán celebrarse antes do 1 de abril de 2021, tendo sempre en conta que os congresos e asembleas de nivel II se celebrarán unha vez que foran elixidas as persoas delegadas que os compoñan e, no seu caso, se resolveran tamén as reclamacións presentadas.
- h) O 9 de abril de 2021 deberán estar resoltas todas as reclamacións que se presentasen sobre o desenvolvemento dos congresos e asembleas congresuais de nivel II.

Nivel III.

- a) Corresponde aos congresos ou asembleas congresuais das federacións de nacionalidade e unións comarcais ou intercomarcais.
- b) Os congresos das unións comarcais ou intercomarcais celebraranse do 12 ao 17 e do 26 ao 30 de abril de 2021.
- c) Os congresos das federacións nacionais celebraranse do 19 ao 24 de abril 3 ao 8 de maio de 2021.
- d) As federacións nacionais que pola súa estrutura organizativa non teñan que celebrar asembleas congresuais ou congresos de nivel II poderán tamén celebrar os seus congresos ou asembleas congresuais no período comprendido entre o 8 e o 31 de marzo de 2021.

e) A estes congresos asistirán os delegados e delegadas elixidos no nivel II (ou non os haber, e de acordo con estas Normas, directamente desde o nivel I) e neles elixiranse os órganos específicos e as delegacións que asistirán aos congresos das federacións estatais e do S. N. de CCOO de Galicia (nivel IV).

f) No suposto de que algunha estrutura organizativa de rama ou territorio de nivel III non estea constituída, elixirase o coordinador ou coordinadora en asemblea congresual (artigo 17.3 e 8 dos Estatutos confederais).

g) O 14 de maio de 2021 deberán estar resoltas todas as reclamacións que se presentasen sobre o desenvolvemento do proceso congresual no nivel III.

Nivel IV.

a) Corresponde aos congresos das federacións estatais e do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia.

b) O congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia celebrarase os días 20 e 21 de maio de 2021. Nel elixiranse os órganos estatutarios e a delegación que asistirá ao 12º Congreso Confederal.

c) Os congresos correspondentes ás federacións estatais celebraranse do 24 ao 29 de maio de 2021, do 7 ao 12 de xuño, do 21 ao 26 de xuño e do 5 ao 10 de xullo de 2021. Neles elixiranse os seus órganos estatutarios e as delegacións asistirán ao 12º Congreso Confederal.

d) O 23 de xullo de 2021 deberán estar resoltas todas as reclamacións que se presentasen sobre o desenvolvemento do proceso congresual no nivel IV.

Nivel V.

a) Corresponden ao 12º Congreso Confederal.

b) Celebrarase os días 21, 22 e 23 de outubro de 2021.

c) O 24 de setembro de 2021 será a data límite para recibir na Secretaría confederal de Organización e Comunicación as emendas e delegacións elixidas nos congresos das federacións estatais e confederacións de nacionalidade.

Cuarta. Medias de cotización e censos electorais para calcular a repartición de delegados e delegadas

1. Todos dos datos relativos ás medias de cotización pecharanse o **31 de maio de 2020**.
2. O peche dos censos de afiliadas e afiliados para a conformación das asembleas de nivel I e a distribución de delegadas e delegados a elixir farase o 31 de maio de 2020.

Nestes censos, estarán incluídos todos os afiliados e afiliadas que, estando en situación de «activos ao corrente de pagamento» (AC) ou «activos debedores» (AD), figuren na base de datos da UAR confederal.

3. A partir da aprobación destas normas, a UAR confederal poñerá ao dispor da Secretaría de Organización de cada unha das organizacións confederadas as medias de

cotización e os censos provisionais para que poidan proceder á distribución de delegados e delegadas nos seus ámbitos organizativos.

Quinta. Convocatoria e acreditación de delegados e delegadas

1. As persoas elixidas delegadas para asistiren ao congreso serán debidamente convocadas pola Secretaría de Organización do ámbito en que se celebra o congreso. A convocatoria ás asembleas congresuais realizaraa a Secretaría de Organización do órgano superior.
2. A convocatoria aos delegados e delegadas, á que se xuntará a orde do día e o regulamento do congreso ou asemblea congresual, realizarase antes dos cinco días naturais previos á celebración do congreso ou asemblea congresual, salvo as substitucións, que se farán con, polo menos, un día de antelación. A convocatoria cursarase preferentemente por correo electrónico con xustificante de recepción.
3. As persoas convocadas deberán acreditarse ante a Comisión técnica do congreso ou asemblea congresual dentro do prazo que se estableza no regulamento.
4. A Comisión técnica entregará á persoa delegada unha tarxeta identificativa que a acreditará como delegado ou delegada ao congreso.

Sexta. Participación dos delegados e delegadas

1. Participarán con plenitude de dereitos nos congresos ou asembleas congresuais de nivel II, III, IV e Confederado todas as persoas afiliadas a CCOO ao corrente do pagamento das súas cotas e que fosen elixidas delegadas conforme a estas normas.
2. As persoas integrantes das comisións executivas ou, de ser o caso, das comisións xestoras ou das direccións provisionais de cada ámbito organizativo poderán ser delegadas natas ao congreso, pero en ningún caso poderán exceder do 10 por 100 do total das convocadas en cada ámbito. Se o número de persoas integrantes da comisión executiva, comisión xestora ou dirección provisional exceder do dito 10 por 100 do total, só asistirán como natas unha parte delas, respectando a proporcionalidade que puider existir entre as integrantes da dita comisión executiva, comisión xestora ou dirección provisional dentro do límite do citado 10 por 100.
3. A elección das persoas delegadas natas realizarase no seo da comisión executiva, comisión xestora ou dirección provisional de cada ámbito, con anterioridade ao comezo da fase de elección de delegados e delegadas para o congreso.

Sétima. Mesa do congreso ou da asemblea congresual

1. Na sesión de apertura de cada congreso constituirase a mesa presidencial coas persoas que fosen elixidas regulamentariamente; entre elas elixirán un presidente ou presidenta e un secretario ou secretaria.

A secretaria de organización da comisión executiva saínte informará o pleno do congreso do nome das persoas elixidas en cada ámbito para formar parte da Mesa do congreso, chamaraas para que se reúnan e para que entre elas elixan a presi-

dencia e a secretaría. Cando corresponda celebrar asemblea congresual, as funcións serán desempeñadas pola comisión executiva superior.

2. Unha vez constituída a mesa do congreso e elixidas a presidencia e a secretaría, a mesa asumirá a dirección do sindicato durante a celebración do congreso, rematando o seu mandato coa proclamación da nova dirección elixida no congreso.
3. A Mesa dos congresos ou asembleas congresuais terá a función de dirixir e moderar os debates, se é o caso, ler as propostas de resolución, establecer os tempos para as distintas intervencións e sometelas a votación, recibir e xustificar a recepción das candidaturas e de todo tipo de documentos que lle sexan presentados e comunicar as emendas que se deban realizar. O presidente ou presidenta do congreso ou asemblea congresual será o seu portavoz.
4. A Mesa do congreso ou da asemblea congresual contará coa asistencia da comisión técnica para o desenvolvemento das súas funcións.

Oitava. Comisión técnica do congreso

1. Para a celebración dos congresos, a comisión executiva da organización respectiva nomeará unha Comisión técnica que contará coa asistencia necesaria da Secretaría de Organización, da que dependerá ata a constitución da mesa do congreso.

No suposto de que se celebre asemblea congresual, o nomeamento da Comisión técnica corresponderá á comisión executiva da organización superior de rama ou territorio que convoca.

2. A Comisión técnica constituirase no tempo e na forma que correspondan, de acordo co disposto no regulamento que rexa o congreso ou a asemblea congresual.
3. A Comisión técnica terá as funcións seguintes:
 - A organización interna do congreso ou asemblea congresual
 - As relacións coa prensa
 - As relacións coas delegacións estranxeiras, nacionais e invitadas ao congreso
 - A coordinación das comisións do congreso coa presidencia
 - A preparación, de acordo coa presidencia, da documentación necesaria para levar a cabo a orde do día do congreso.
 - A fixación, de acordo coa presidencia, das quendas de palabras das delegacións estranxeiras e convidados.
 - A verificación da identidade das persoas delegadas convocadas e a entrega da correspondente acreditación
 - A verificación de que as candidaturas presentadas polos delegados e delegadas cumpren os requisitos establecidos no artigo 11 dos Estatutos confederais, 10 dos Estatutos do Sindicato Nacional e nestas normas

- Para o suposto de que algunha das candidaturas presentadas contiver erros susceptibles de ser emendados, é dicir, incumprimento de requisitos establecidos expresamente no artigo 11 dos Estatutos confederais, 10 dos Estatutos do S. N., a comisión comunicará á presidencia do congreso os erros detectados para que habilite un prazo —que fixará con criterios de razoabilidade— ao presentador ou presentadora da candidatura para a súa emenda.
 - A provisión, de acordo coa presidencia, dos medios para redactar as actas das sesións do congreso.
 - A comunicación á presidencia dos resultados das votacións.
 - E cantas funcións lle encargue a presidencia do congreso, da que dependerá ata a elección dunha nova dirección.
4. A Comisión técnica do congreso ou asemblea congresual contará coa correspondente documentación (relación de persoas delegadas convocadas, substitucións, credenciais, etc.), que lle facilitará a Secretaría de Organización.
 5. As incidencias que xurdan na acreditación de delegados e delegadas trasladarallas a Comisión técnica á mesa presidencial do congreso ou asemblea congresual para a súa resolución.

A resolución da Mesa do congreso ou da asemblea congresual poderá ser impugnada ante a CIN que corresponda dentro do día seguinte ao seu remate.

6. Unha vez finalizado o prazo habilitado regulamentariamente para formalizar as acreditacións, a Comisión técnica redactará a acta das súas actuacións, facendo constar o nome, apelidos e DNI das persoas convocadas e as efectivamente acreditadas, despregando esta información por xénero.

A acta deberá ser asinada en todas as súas follas polas persoas integrantes da Comisión técnica e será entregada á Mesa presidencial do congreso ou asemblea congresual xunto coa correspondente documentación.

7. A Comisión técnica finalizará as súas funcións coa clausura do congreso ou da asemblea congresual.

Novena. Comisión de candidaturas

1. Nos congresos ou asembleas congresuais constituirase no tempo e na forma que correspondan, consonte o disposto no regulamento que o rexa, unha comisión de candidaturas que será a encargada de propor ao pleno do congreso o número de persoas que integrarán os órganos do sindicato dentro dos parámetros establecidos nestas Normas.
2. De acordo co establecido nos nosos estatutos, as eleccións deberán estar presididas en todo momento por criterios de unidade, e por iso lle corresponde á comisión traballar coas candidaturas presentadas na dirección de propor candidaturas únicas, sen prexuízo de que estas teñan que ser referendadas en votación libre e secreta polos delegados e delegadas debidamente acreditados.

3. Rematado o seu traballo, a comisión redactará unha acta e entregaralla á presidencia do congreso cando lle sexa requirida, xunto coa correspondente documentación. As actas deben ir asinadas por todas as persoas integrantes da comisión.
4. Transcorrido o prazo fixado, a Mesa do congreso ou da asemblea congresual proclamará a candidatura ou candidaturas que cumplan os requisitos.

Décima. Requisitos das candidatas e candidatos a delegados e delegadas e aos órganos da estrutura sindical de CCOO

1. As persoas que desexen formar parte das candidaturas para elixir delegadas e delegados ou para formar parte dos órganos da estrutura sindical do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, distintos á sección sindical, acreditarán unha antigüidade mínima de seis meses anterior á data sinalada para a celebración do congreso ou asemblea congresual correspondente, salvo para aqueles órganos en que se estableza outra antigüidade diferente nos estatutos.
2. Todas as persoas candidatas deben estar ao corrente no pagamento das súas cotas de afiliación.
3. Non poderán ser candidatas á secretaría xeral das federacións estatais, das confederacións de nacionalidade, das unións rexionais, das federacións de nacionalidade ou rexión, das unións comarcais e intercomarcais e dos sindicatos de rama (nivel II) deses mesmos ámbitos, as persoas afiliadas que xa desempeñasen o cargo durante tres mandatos.
4. É incompatible presentarse para ser elixido/a delegado ou delegada a un congreso ou asemblea congresual no que xa se ten esa representación. De facelo, a candidatura na que figure a persoa xa elixida deberá ser emendada.

Décimo primeira. Requisitos para a presentación de candidaturas á elección de delegados e delegadas e órganos do sindicato

1. As candidaturas presentaranse ante a presidencia do congreso, empregando o modelo que acompaña estas normas, con todos os datos cubertos, sinalando a orde dos candidatos e candidatas e asinada por estes como aceptación expresa.

Entenderase que as candidaturas que se presenten neste proceso congresual cumpren co requisito de constancia da aceptación indubidable (artigo 10, Estatutos confederais e artigo 9, Estatutos do Sindicato Nacional) cando van coa sinatura orixinal e acompañada de fotocopia de DNI, NIE, carné de conducir ou pasaporte de cada compoñente destas.

No caso de os candidatos ou candidatas atopárense acreditados no congreso ou asemblea congresual, non é necesario achegar a fotocopia do documento de identificación.

2. Salvo para a elección dos delegados e delegadas no nivel I, todas as candidaturas contarán por forza con, polo menos, o 10% de avais das persoas delegadas acredi-

tadas no congreso ou asemblea, avais que inescusablemente deben presentarse xunto coa candidatura.

3. Cada candidatura designará unha persoa representante, que poderá ser ou non candidata —pero que no nivel I debe ser afiliada no ámbito da asemblea e no resto dos niveis debe ser delegada—, que será quen presentará a candidatura e se responsabilizará da veracidade dos datos que contén a candidatura e á que se farán as notificacións que correspondan.

Esta persoa representante e presentadora da candidatura é a lexitimada para interpor reclamacións en nome da candidatura ou dos candidatos e candidatas e nomear unha persoa, afiliada do ámbito da elección, como interventora.

4. Na constitución e desenvolvemento da Confederación Sindical de CCOO como sindicato igualitario de homes e mulleres, e para lograr a plena participación, compromiso e responsabilidade en todos os órganos do sindicato e nas delegacións que corresponda elixir nos congresos e asembleas congresuais, as candidaturas que se presenten axustaranse ás seguintes regras:

- a) Nas delegacións en que a afiliación de homes ou mulleres sexa inferior ao 30 % incorporaranse, como mínimo, un número de homes ou mulleres proporcional ao número de afiliados e afiliadas na dita organización, incrementado nun 10 %
- b) Naquelas organizacións en que a afiliación de mulleres sexa igual ou superior ao 30 % e inferior ao 50 %, gardarase a proporción 60/40 % para cada un dos xéneros.
- c) Naquelas organizacións en que a afiliación de mulleres sexa igual ou superior ao 50 % incorporarase unha porcentaxe de mulleres non inferior ao 50 %.
- d) As candidaturas deberán respectar as proporcións mencionadas nos niveis de titulares e suplentes.
- e) Nos congresos ou asembleas congresuais de nivel I, o número de homes e mulleres que integrarán as candidaturas que se presenten será proporcional á afiliación de cada sexo na circunscrición correspondente, tanto para os órganos como para as delegacións ás asembleas ou congresos superiores.
- f) Todas as candidaturas elaboraranse garantindo a alternancia entre homes e mulleres, dende a primeira posición ata onde o número de candidatos e candidatas o permita en concordancia coas regras anteriores.

Para ese efecto, as estruturas sindicais, incluídas as de centro de traballo, deberán dispor, no proceso electoral, dos datos de afiliación (número e porcentaxe que representan sobre o total da afiliación) desagregados por xénero e idade, e publicalos xunto co censo electoral.

5. Para todas as delegacións aos congresos —cun mínimo de 5 membros— deberase elixir, como mínimo, un 20 % de persoas delegadas suplentes, que só substituirán as titulares logo da renuncia por escrito asinado, explicando as razóns da súa non asistencia; os documentos de renuncia de titulares deberán entregarse á secretaría

de organización do ámbito que convoca o congreso cunha antelación de, polo menos, un día á data fixada para a celebración.

No caso de máis dunha lista para elección da delegación aos congresos, enténdese que as persoas suplentes o serán por cada unha delas.

Para o suposto de que se teñan que realizar substitucións de delegados e delegadas, procederase de forma que a persoa substituta sexa do mesmo xénero ca a substituída, sempre e cando o número de suplentes o permita.

Décimo segunda. Presentación dun mesmo candidato ou candidata en máis dunha candidatura

Se unha persoa afiliada se presenta en máis dunha candidatura dentro do mesmo ámbito electoral, causará baixa en todas elas e as candidaturas afectadas serán proclamadas co resto dos candidatos e candidatas e sometidas a votación, se reúnen o resto dos requisitos. De non reunilos, concederase un prazo prudencial para emendalas.

Décimo terceira. Renuncia de candidatos e candidatas

1. De se producir a renuncia dalgún candidato ou candidata no período comprendido entre a presentación da candidatura e a proclamación provisional, concederase a quen a presente un prazo prudencial para a emenda da candidatura.
2. De se producir a renuncia unha vez proclamada a candidatura provisional ou definitivamente, non invalidará a candidatura, sempre que conte co 60 % como mínimo de candidatos e candidatas dos postos para elixir.

Décimo cuarta. Votacións, escrutinio e atribución de resultados

1. O acto de votar ten carácter persoal e intransferible, polo que ninguén pode representar un elector ou electora.
2. As votacións poderanse realizar de forma electrónica ou perante a mesa electoral do congreso, conferencia ou asemblea congresual, segundo proceda, e para iso utilizaranse os medios telemáticos conforme as instrucións técnicas que curse a Secretaría de Organización Confederal ou, no seu caso, papeletas e urnas. O voto electrónico gozará das garantías de accesibilidade e a súa admisión será persoal, intransferible, secreto e indelegable.
3. Finalizadas as votacións, a presidencia da mesa electoral procederá á apertura das urnas e ao recuento dos votos emitidos en forma electrónica ou en papeleta.
4. Consideraranse votos nulos:
 - a) Os que se emitan en papeletas diferentes do modelo oficial.
 - b) As papeletas en que se modifique, engada ou risque o nome dos candidatos e candidatas, alterando a súa orde de colocación, así como aquelas en que se introduza calquera lenda ou expresión, ou produza calquera outra alteración de carácter voluntario ou intencionado.

5. As papeletas ás que se lles negou validez uniranse á acta xunta aquelas outras que fosen obxecto dalgunha reclamación.
6. Mediante o sistema de representación proporcional, atribuirase a cada candidatura o número de postos que lle corresponde, conforme ao cociente que resulte de dividir o número de votos válidos —sen ter en conta os votos en branco— polo de postos para cubrir. Os postos sobrantes, se for o caso, atribuiranse ás candidaturas, en orde decrecente, segundo os restos de cada unha delas. En caso de empate a votos ou de empate de enteiros ou de restos para a atribución do último posto para cubrir, elixirase quen teña máis antigüidade na afiliación; no caso de ser a mesma, quen teña menor idade.
7. A secretaría xeral será elixida por maioría simple de votos.
8. Os órganos de garantías e de control administrativo e financeiro serán elixidos polo sistema maioritario.
9. A presidencia da mesa informará o pleno do congreso ou asemblea congresual dos resultados da votación, con mención expresa do número de electores/as acreditados, do número de votantes, do número de votos nulos, do número de votos en branco, do número de votos obtidos por cada candidatura e das persoas que resultaron elixidas en cada unha das votacións.

A presidencia da mesa do congreso chamará os candidatos e candidatas elixidos para que suban á mesa e asuman a dirección do sindicato. Dende ese momento queda constituída a nova dirección.

Décimo quinta. Actas

Dos congresos, conferencias ou asembleas congresuais redactarase a acta xeral que conterá, ademais dos datos identificativos das persoas que interviñeron no congreso, o resultado das votacións, os nomes das persoas elixidas, a desagregación destas por xénero, e, se for o caso, o nome do presidente ou presidenta da delegación e as reclamacións ou incidencias relevantes que se puideren producir.

Esta acta xeral acompañarase das actas das distintas comisións, un exemplar de cada candidatura presentada, os votos nulos e os votos que, despois de lles dar validez, foren impugnados.

As actas deben ser asinadas por todas as persoas que interveñen, incluídas as designadas interventoras. Se algunha das persoas obrigadas a asinar non o fixer, farase constar.

A Secretaría Xeral electa ordenará o necesario para que a acta se rexistre, no prazo máximo de dous días hábiles, no Sistema Informático Confederal.

Décimo sexta. Comisións de Interpretación de Normas (CIN)

1. A Comisión Executiva do Sindicato Nacional aprobará a creación da Comisión de Interpretación das Normas Congresuais (CIN) que, respectando a proporcionalidade existente no órgano, estará establecida e presidida pola Secretaría de Organización, e será a encargada de recibir e resolver, en primeira instancia, todas as re-

clamacións que sobre o proceso congresual nos niveis organizativos I, II e III lles sexan presentadas polas persoas afiliadas ou polas organizacións.

As súas resolucións son recorribles ante a CIN confederal.

2. A Comisión Executiva confederal aprobará a creación da Comisión Confederal de Interpretación das Normas Congresuais (CIN) que, respectando a proporcionalidade existente no órgano, estará establecida e presidida pola Secretaría de Organización Confederal, e será a encargada de recibir e resolver, en **primeira e única instancia**, as reclamacións que sobre as normas congresuais e calquera outros dos actos realizados no desenvolvemento do proceso congresual de nivel IV de cada unha das organizacións confederadas lles sexan presentadas polas persoas afiliadas lexitimadas ou polas organizacións.

En segunda instancia coñecerá os recursos presentados fronte ás resolucións das CIN de nivel IV.

Todas as resolucións da CIN confederal teñen carácter definitivo e executivo, e non cabe contra elas ningún tipo de reclamación ou recurso sindical, sen prexuízo das accións xudiciais que contra estes actos poidan corresponder ás persoas lexitimadas para isto.

CAPÍTULO II

DAS NORMAS ESPECÍFICAS PARA A CELEBRACIÓN DAS CONFERENCIAS E ASEMBLEAS CONGRESUAIS DE NIVEL I NO MARCO DO 12º CONGRESO DA CONFEDERACIÓN SINDICAL DE COMISIÓNS OBREIRAS

Notas preliminares

1. O nivel I do proceso congresual garante o exercicio dos dereitos básicos e a participación de todas as persoas afiliadas na toma de decisións no seu ámbito de encadramento, onde poderán participar como electoras e presentarse como delegadas aos congresos ou asembleas congresuais ou conferencias superiores do sindicato, ou calquera outra elección que se convoque, de acordo co disposto nestas normas.
2. Neste nivel I enmárcanse os procesos das seccións sindicais de centro de traballo e/ou empresa constituídas regulamentariamente e os dos agrupamentos dos centros de traballo e/ou empresa de ámbito provincial, comarcal, intercomarcal (ou, se for o caso, de ámbito autonómico uniprovincial).
3. Para facilitar e garantir o dereito ao voto de todas as persoas afiliadas, independentemente do seu encadramento nunha sección sindical ou nun agrupamento de centros de traballo e/ou empresa, poderase establecer un sistema que permita o voto telemático e presencial.

A Secretaría Confederal de Organización, co concurso da UAR Confederal, Informática Confederal e a delegada de Protección de Datos confederal, impartirá as instrucións técnicas necesarias para a súa execución.

4. Para a elaboración correcta dos censos das mesas electorais, as organizacións deberán encadrar correctamente a afiliación das súas seccións sindicais ou centros de traballo no Sistema Informático Confederal.

Décimo sétima. Seccións sindicais de centro de traballo e/ou empresa que estean constituídas e rexistradas no SIC

As seccións sindicais constituídas cuxos órganos de dirección e representación superaran o tempo de mandato ou cuxo mandato remate antes do 2 de xullo de 2021, celebrarán a súa conferencia congresual correspondente para elixir os órganos de dirección e representación e, se for o caso, a delegación que deberá asistir aos congresos ou asembleas congresuais de nivel II e III, dentro das datas sinaladas no calendario para o nivel I. Neste mesmo período, celebrarán asemblea congresual para elixir delegacións ao nivel II ou nivel III, aquelas seccións sindicais cuxos órganos de dirección rematen o seu mandato nunha data posterior e ás que lle corresponda a elección das ditas delegacións.

Décimo oitava. Centros de traballo e/ou empresas e seccións sindicais constituídas e rexistradas no SIC, sen delegación propia

O resto da afiliación participará en asembleas congresuais agrupadas por zonas ou sectores segundo as normas das súas federacións estatais, nas que se incluírá a composición numérica e repartición das delegadas e delegados para elixir, cos datos certificados pola UAR.

Para configurar estas asembleas, nas súas normas, as federacións de rama terán en conta o seguinte.

- a) O disposto no anexo I destas Normas (composición dos congresos ou asembleas congresuais de nivel II).
- b) Os agrupamentos non poderán ser superiores a 1000 persoas afiliadas.
- c) As persoas desempregadas con carné de afiliación correspondente a unha das ramas constituídas participarán nas asembleas congresuais que celebren estas estruturas, conforme aos encadramentos organizativos en que participen habitualmente.
- d) As persoas pensionistas e xubiladas adscritas á súa federación de orixe participarán nas asembleas congresuais que celebren estas estruturas, conforme aos encadramentos organizativos en que participen habitualmente.
- e) Para que o valor do voto de cada persoa afiliada sexa igual, a distribución de delegados/as que se elixan no nivel II efectuarase en función da afiliación do nivel I e sen consideración ningunha ao tipo de cota; é dicir, unha persoa afiliada, un voto. Por tanto, todas as persoas afiliadas na data 31-08-2020 e ao corrente de pagamento ou debedoras que estean incluídas na UAR confederal o 31-05-2020, teranse en conta para fixar a composición dos congresos ou asembleas congresuais de nivel II.
- f) As federacións que nun ámbito territorial concreto (provincial, comarcal, intercomarcal) teñan menos de 1000 persoas afiliadas poderán acordar a elección directa do nivel I ao nivel III.

Décimo novena. Obxecto das conferencias e asembleas congresuais

As conferencias e asembleas congresuais terán dúas fases ben diferenciadas:

- Unha que corresponderá á fase ou asemblea **deliberativa**, na que a afiliación poderá participar para debater e presentar as emendas que estime oportunas aos relatorios ou documentos congresuais obxecto do debate. Co obxectivo de facilitar a máxima proximidade, adaptación horaria e calidade da participación, esta fase poderá realizarse mediante actos comúns ao conxunto de estruturas de rama no territorio, sempre e cando se garanta o encadramento federativo da participación da afiliación na fase electiva.
- Outra que corresponderá á fase **electiva**, que se convocará na mesma xornada ou con posterioridade á celebración da fase deliberativa, na que toda a afiliación con-

vocada que se encontre ao corrente do pagamento das súas cotas e que figure no censo definitivo poderá votar e elixir, de entre as candidaturas proclamadas, as delegacións que asistirán ao congreso de nivel II ou de nivel III (ou, na súa falta, ás asembleas congresuais), conforme ao establecido nestas normas.

Vixésima. Convocatoria das conferencias congresuais e asembleas congresuais

1. Na convocatoria da asemblea congresual sinalarase o lugar, data e hora de celebración das fases deliberativa e electiva.
2. Fixarase un tempo mínimo de catro horas para a votación correspondente á fase electiva.
3. Para favorecer a participación, teranse en conta as quendas de traballo e os seus horarios.
4. Para o xeral coñecemento e facilitar a asistencia e participación da súa afiliación, as diferentes asembleas congresuais de seccións sindicais e as agrupadas deberán ser convocadas publicamente (no taboleiro de anuncios, páxina web ou outros medios habituais) pola comisión executiva que executa a convocatoria, 15 días naturais antes da data fixada para a súa celebración.
5. Ademais, remitirase a convocatoria mediante correo ou mensaxería electrónica ou, na súa falta, por correo postal ao domicilio do afiliado/a que figure no Sistema Informático Confederal.

Vixésima bis. Asistencia ás conferencias e asembleas congresuais

Coa finalidade de facilitar o cumprimento das medidas sanitarias implantadas e a participación efectiva da afiliación, as persoas afiliadas, que estando incluídas no censo da asemblea, desexen participar nos seus debates e votacións, deberán comunicar ao colexio electoral, polo menos cinco días hábiles antes da data sinalada para a súa celebración, a forma na que desexan facelo: presencial ou por medios electrónicos.

O colexio electoral ordenará os medios necesarios para garantirle á afiliación concernida o exercicio dos seus dereitos estatutarios coas debidas garantías.

A afiliación que asista persoalmente ás asembleas deberá cumprir as normas gobernativas que, para este tipo de reunións, estean en vigor no momento da súa celebración.

Vixésimo primeira. Órgano que executa a convocatoria das conferencias congresuais ou das asembleas congresuais das seccións sindicais constituídas

Para os procesos congresuais das seccións sindicais constituídas que teñan que elixir delegados e delegadas na conferencia congresual ou asemblea congresual propia, o órgano que executa a convocatoria será a súa comisión executiva e, na súa falta, a súa secretaría xeral.

Vixésimo segunda. Órgano que executa a convocatoria das asembleas congresuais correspondentes aos agrupamentos de centros de traballo e/ou empresa ou das seccións sindicais sen delegación propia

Para os procesos congresuais das asembleas agrupadas de centro de traballo e/ou empresa e de seccións sindicais sen delegación propia, o órgano que executa a convocatoria será a comisión executiva do sindicato provincial, comarcal ou intercomarcal (nivel II) ou, na súa falta, a comisión executiva da federación de nacionalidade (nivel III).

Vixésimo terceira. Censo electoral

1. **Fíxase o 30 de setembro de 2020** como data de peche para os efectos de elaborar o censo electoral provisional para poder participar nas asembleas ou conferencias congresuais de nivel I.
2. Os datos da afiliación poranse ao dispor da secretaría de organización de nivel IV correspondente para que poidan proceder a confeccionar os censos provisionais das conferencias e asembleas congresuais nos ámbitos de elección xa determinados segundo o disposto na disposición cuarta.

Estes datos quedarán custodiados en formato dixital pola secretaría de organización de nivel IV, que habilitará os permisos necesarios para que poidan ser consultados polas secretarías de organización de nivel III e de nivel II do seu ámbito.

3. Unha vez confeccionados os censos, a correspondente secretaría de organización de nivel IV remitiraos, antes do 15-10-2020, á Secretaría Confederal de Organización para a súa carga no modelo congresos do SIC.
4. Estes censos provisionais utilizaranse como listaxe básica para que a afiliación realice a comprobación da súa debida inclusión e, de ser o caso, presente as impugnacións que estime convenientes, de acordo co procedemento establecido nestas normas.
5. As persoas afiliadas poderán obter unha certificación da súa inscrición no censo, que expedirá a correspondente secretaría de organización.
6. As reclamacións ao censo faranse dentro do período comprendido entre o 3 e o 13 de novembro de 2020 ante a CIN da federación que proceda.
7. Nos supostos de impugnación por exclusión, xuntarase á reclamación o xustificante bancario de pagamento ou das cabeceiras das nóminas nas que conste o desconto das correspondentes cotas de cotización.
8. A CIN de nivel IV resolverá as impugnacións antes do 21 de novembro de 2020 e comunicará a resolución á persoa impugnante e á CIN Confederal, que ordenará a realización das modificacións que proceda realizar no censo.
9. Os censos electorais definitivos, que se utilizarán para a presentación das candidaturas ante o colexio electoral e para efectuar a correspondente acreditación ao inicio das asembleas congresuais e o exercicio do dereito ao voto, estarán ao

dispor das secretarías de organización de nivel IV que correspondan a partir do 23 de novembro de 2020.

10. A Secretaría de Organización Confederal, co concurso da UAR Confederal, Informática Confederal e da delegada de Protección de Datos Confederal, impartirá as instrucións técnicas necesarias para a súa execución.

Vixésima cuarta. Orde do día e regulamento das conferencias e das asembleas congresuais

O órgano de dirección que executa a convocatoria aprobará a orde do día, que incluírá o obxecto da reunión e o regulamento, que conterà a forma concreta de levar a cabo o debate dos textos propostos polo pleno de asistentes e o desenvolvemento das votacións para elixir os órganos de dirección —se procede— e as delegacións aos congresos (ou, na súa falta, ás asembleas) das organizacións superiores de rama (e se for o caso, de territorio), ademais de cantas cuestións organizativas (non normativas) se consideren necesarias para o desenvolvemento da reunión.

Vixésimo quinta. Presidencia das conferencias congresuais

Na sesión de apertura das conferencias congresuais que deban elixir novos órganos de dirección, un membro da dirección saínte fará a proposta para formar a presidencia da conferencia congresual. O número de persoas integrantes da mesa será impar e gardará a porcentaxe de mulleres proporcional á afiliación convocada. Unha vez aprobada a proposta, a presidencia sobe á mesa e elixe de entre os seus membros o presidente ou presidenta da conferencia congresual. A partir deste momento, os membros dos órganos de dirección cesarán nos seus cargos.

Vixésimo sexta. Presidencia das asembleas congresuais

A presidencia e as súas funcións serán asumidas polo órgano de dirección que executa a convocatoria.

Vixésimo sétima. Funcións da presidencia

A presidencia encargárase de dirixir a conferencia ou asemblea congresual, de moderar os debates, de establecer os tempos para as distintas intervencións, de ler e someter a votación as propostas. A persoa elixida presidente/a actuará como portavoz. Así mesmo, informará do comezo e duración da fase electiva con indicación expresa do sitio onde estea situada a mesa electoral e de canto sexa necesario para o desenvolvemento do debate e das votacións.

Vixésimo oitava. Desenvolvemento das conferencias e asembleas congresuais

No transcurso das conferencias e das asembleas congresuais, presentaranse os relatorios a debate e as modificacións propostas aos ditos textos, que serán sometidas a discusión sen prexuízo de que as citadas propostas se presenten cunha antelación mínima de dous días hábiles á data fixada para a conferencia ou asemblea congresual, por correo electrónico ou por escrito ordinario ante a secretaría de organización da

correspondente estrutura superior de nivel II ou, no seu defecto, de nivel III, para o seu debate nos respectivos congresos.

Vixésimo novena. Colexios electorais das asembleas congresuais

A comisión executiva que executa a convocatoria constituirase en colexio electoral das asembleas congresuais para os efectos de seguimento do proceso electivo do seu ámbito, cuxas competencias serán, ademais das recollidas nestas normas, as de recibir e validar as candidaturas que se presenten.

Ao se constituír en colexio electoral, a comisión executiva poderá acordar reducir o número dos seus integrantes, respectando sempre a proporcionalidade no órgano de dirección.

Trixésima. Mesas electorais

Co fin de atender e facilitar a tarefa do colexio electoral, no desenvolvemento da fase electiva constituiranse mesas electorais en todas as asembleas congresuais que deban elixir delegados e delegadas. Tanto nas asembleas das seccións sindicais como nas agrupadas, as mesas electorais constituiranse, polo menos, cunha antelación mínima de trinta minutos á hora sinalada para o inicio, e estará formada por tres persoas afiliadas nomeadas polo colexio electoral, ningunha das cales debe ter a condición de candidata nese ámbito de elección.

Trixésimo primeira. Funcións e competencias das mesas electorais

As funcións e competencias das mesas electorais serán as seguintes:

1. Terán a custodia dos censos definitivos durante a asemblea. Os censos seranlle entregados polo colexio electoral en formato dixital. Os censos serán devoltos ao colexio electoral ao finalizar as votacións.
2. Terán a custodia das urnas para a votación. As urnas serán facilitadas polo colexio electoral ás mesas electorais no momento en que se constituán.
3. Controlarán todo o proceso da votación desde o momento da constitución da mesa.
4. Aclararán calquera dúbida que puider presentarse ante ela respecto do proceso da votación, de acordo coas normas aprobadas.
5. Notificarán a recepción das impugnacións realizadas durante a votación e indicarán a quen as presente a necesidade de formalizalas, dentro do día seguinte á votación, ante a CIN de nivel IV que corresponda.
6. Redactarán a acta de constitución da mesa electoral e a acta final de escrutinio, apuntando o resultado das votacións, os nomes das persoas elixidas delegadas para participar nas asembleas congresuais das organizacións superiores de rama (e se for o caso, de territorio) e cantas eleccións consten na orde do día e as incidencias xurdidas na sesión.

Á devandita acta acompañarase un exemplar de cada candidatura presentada, os votos declarados nulos, os votos aos que se lles concedeu validez pero fosen im-

pugnados e canta documentación xerase o proceso de votación. As actas deben ser asinadas en todas as súas follas pola mesa electoral e os interventores e interventoras.

7. Esta acta entregarase decontado ao colexio electoral para o seu rexistro, arquivo e custodia e rexistro inmediato no SIC.

Trixésimo segunda. Presentación de candidaturas

Nas conferencias ou asembleas congresuais de nivel I, os afiliados e afiliadas poderán presentar candidaturas para a elección das correspondentes delegacións aos congresos ou asembleas congresuais de nivel II ou, de ser o caso, de nivel III, así como para cantas outras eleccións figuren na orde do día.

As candidaturas cumprirán obrigatoriamente, no momento da presentación, os requisitos seguintes:

1. Os candidatos e candidatas deben ser persoas afiliadas ao corrente de pagamento das súas cotas e con seis meses ou máis de antigüidade á data fixada para a celebración da súa conferencia ou asemblea congresual.
2. As candidaturas deben incluír tantas persoas candidatas como delegados e delegadas se vaian elixir máis un 20% de suplentes, cando os postos que se vaian elixir sexan cinco ou máis.
3. As persoas candidatas deben aceptar, coa súa sinatura orixinal, a súa inclusión na candidatura e acompañar fotocopia do seu DNI, TIE, carné de conducir ou pasaporte.
4. As candidaturas gardarán proporcionalidade coa afiliación de cada sexo na circunscrición congresual correspondente.
5. Procurarase unha representación adecuada das delegacións, atendendo ao tamaño dos centros de traballo, en especial os das pemes, as persoas sen emprego e inmigrantes.

De igual maneira e para potenciar a participación da afiliación máis moza, procura-se que as candidaturas presentadas para elixir as delegacións conteñan unha representación axeitada deste colectivo.

6. As candidaturas, debidamente cubertas, presentaraas o/a representante en modelo normalizado (anexo VI) perante o colexio electoral (secretaría de organización ou persoa delegada), polo menos cinco días hábiles antes da data sinalada para a votación. A persoa presentadora e representante da candidatura deberá estar afiliada e encadrada no ámbito da elección.

As candidaturas e a súa documentación poden presentarse por correo electrónico.

7. Ao día seguinte da presentación de candidaturas e logo da comprobación de que reúne os requisitos, o colexio electoral fará a proclamación provisional e notificará a resolución a quen presenten as candidaturas, tanto das proclamadas como das rexeitadas, con indicación expresa do motivo da non proclamación, e habilitará, en todo caso, un prazo para emendar.

8. Ao día seguinte poderase interpor recurso ante a CIN nivel IV, a cal resolverá e notificará ao día seguinte e, se procede, proclamará as candidaturas.
9. A proclamación das candidaturas entenderase definitiva se, finalizado o prazo habilitado para presentar reclamacións, non se formaliza ningunha.
10. De se proclamar unha soa candidatura, non se procederá a votala, quedando elixidas todas as candidatas e candidatos (titulares e suplentes).
11. A persoa representante da candidatura ou candidaturas presentadas poderá designar unha persoa interventora por mesa electoral, para exercer as súas funcións diante desta. A persoa nomeada interventora deberá pertencer ao mesmo ámbito en que se celebra a elección.
12. A persoa designada interventora poderá comprobar que as votantes están incluídas no censo e que o desenvolvemento das votacións se axusta a estas normas. Tamén poderá interpoñer reclamacións ante a mesa electoral.

Non poderá reclamar ante a CIN na súa condición de interventora, pois este dereito resérvase á persoa presentadora da candidatura.

Trixésimo terceira. Votacións, escrutinio e atribución de resultados

1. As votacións realizaranse de xeito electrónico ou de xeito presencial perante a mesa electoral. En ambos os dous casos o voto é persoal, libre, secreto, intransferible e indelegable.
2. A Secretaría Confederal de Organización, co concurso da UAR Confederal, Informática Confederal e a delegada de Protección de Datos Confederal, impartirá as instrucións técnicas necesarias para a súa execución.

Trixésimo cuarta. Actas

Das conferencias ou asembleas congresuais redactarase a acta xeral que conterá, ademais dos datos identificadores das persoas que interviñeron nelas, o resultado das votacións, os nomes das persoas elixidas, a desagregación destas por xénero, e, se for o caso, o nome do presidente ou presidenta da delegación e as reclamacións ou incidencias relevantes que se producisen. As actas deben estar asinadas en todas as follas por todas as persoas membros da mesa e serán entregadas á Secretaría de Organización para o seu arquivo e custodia.

A Secretaría de Organización correspondente rexistrará as actas de forma inmediata no SIC.

CAPÍTULO III

DAS NORMAS ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROCESO CONGRESUAL NOS NIVEIS II e III NO MARCO DO 12º CONGRESO DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA

Trixésimo quinta. Execución da convocatoria específica e funcionamento dos congresos de nivel II, III e IV

1. A execución da convocatoria dos congresos de nivel II será efectuada pola comisión executiva do sindicato provincial, comarcal ou intercomarcal correspondente, de acordo co que dispoñan as normas congresuais do seu ámbito federativo e territorial. Para o suposto de que non exista estrutura organizativa constituída nese nivel II, celebrarase asemblea congresual convocada pola comisión executiva da federación de nacionalidade, excepto que polo baixo número de persoas afiliadas se acorde a elección directa dende o nivel I ao nivel III.
2. A execución da convocatoria dos congresos de ámbito territorial de nivel III será efectuada pola comisión executiva da unión comarcal ou intercomarcal, de acordo co que dispoñan as normas do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia.
3. A execución da convocatoria dos congresos de rama de nivel III será efectuada pola comisión executiva da federación de nacionalidade, de acordo co que dispoñan as normas do seu ámbito.
4. Os congresos das federacións estatais e do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, de nivel IV, serán convocados polo respectivo consello, de acordo co disposto nos estatutos de cada ámbito.

Trixésimo sexta. Composición dos congresos

1. O número de persoas delegadas que participarán nos congresos de nivel II (ou, de non o haber, na asemblea congresual) estará comprendido dentro dos tramos de afiliación asignados no anexo I destas normas, e establecerase cos datos de afiliados e afiliadas certificados pola UAR o 31-05-2020.
2. O número de persoas delegadas que participarán nos congresos de nivel III e IV estará comprendido dentro dos tramos de medias de cotización asignados pola táboa do anexo II destas normas, e establecerase baseándose na media de cotizacións que recibiu a organización que realiza o congreso, correspondentes ao período de devindicación que media entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2019, que será pechado cos datos certificados pola UAR o 31-05-2020.

Garantirase a presenza de representantes da Federación de Pensionistas e Xubilados de acordo co disposto na letra *d* do apartado 10 do artigo 17 dos Estatutos confederais.

Trixésimo sétima. Orde do día dos congresos

Na orde do día dos congresos fixarase de forma clara o seu obxectivo, que será o seguinte:

1. Os congresos de nivel II: elixir os órganos dos sindicatos provinciais, comarcais ou intercomarcais e as delegacións que asistirán aos congresos de nivel III de rama e territorio. Así mesmo, será función do congreso o debate e emenda dos relatorios e estatutos confederais, do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia e de rama (cando non exista estrutura organizativa constituída neste nivel II, celebrarase asemblea congresual para elixir a delegación, o coordinador ou coordinadora e o debate dos documentos congresuais).
2. Os congresos de nivel III: elixir os órganos das unións comarcais ou intercomarcais e das federacións nacionais e as delegacións que asistirán aos congresos de nivel IV de rama e territorio. Así mesmo, someteranse a debate e emenda os relatorios e estatutos confederais, do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia e de rama.
3. O Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia: elixir os órganos estatutarios e a delegación que asistirá ao Congreso confederal. Así mesmo, someteranse a debate e emenda os relatorios e estatutos confederais, e a debate e aprobación o do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia.
4. O congreso de nivel V: elixiranse os órganos da Confederación Sindical de CCOO. Así mesmo, someteranse a debate e aprobación os relatorios e estatutos confederais.

Trixésimo oitava. Regulamento do congreso

1. O consello ou, na súa falta, a comisión executiva do órgano convocador aprobará un regulamento específico para o desenvolvemento do congreso.
2. Este regulamento conterá, entre outras cuestións, a forma concreta de debater os textos dos temas propostos. Unha vez debatidos, someteranse á votación do pleno do congreso. Porase a disposición da organización convocadora a posibilidade de realizar a votación electrónica mediante aplicacións móbiles ou outros dispositivos electrónicos que garantan o proceso.

A presidencia exporá claramente a opción ou opcións sobre as que haberán de pronunciarse os delegados e delegadas, pedirá sucesivamente os votos (a man alzada) a favor, en contra e abstencións.

Posteriormente, e sen paralizar a marcha do congreso, iranse lendo os resultados das devanditas votacións.

3. No pleno do congreso, os textos dos temas propostos e as propostas de eventuais modificacións votaranse globalmente con aquelas da mesma natureza, facéndose a votación por separado das de natureza distinta. As resolucións dos congresos votaranse globalmente ou por separado e a aprobación será por maioría simple.
4. As conclusións, modificacións e resolucións aprobaranse por maioría simple. Envíaranse ás organizacións inmediatamente superiores todas aquelas propostas que

obteñan maioría, así como as minoritarias que obteñan polo menos o 10 % dos votos de persoas afiliadas acreditadas no nivel II, e o 20 % nos niveis III e IV.

CAPÍTULO IV

DAS NORMAS ESPECÍFICAS SOBRE O FUNCIONAMENTO DO 12º CONGRESO DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA

Trixésimo novena

O 12º Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia celebrarase en Santiago os días 20 e 21 de maio de 2021. O 12º da CS de CCOO celebrarase en Madrid os días 21, 22 e 23 de outubro de 2021. Neles participarán as persoas elixidas delegadas conforme ás presentes normas.

Cuadraxésima

- a) O número de delegados e delegadas será de **151**.
- b) As nove persoas que integran a Comisión Executiva Nacional serán natas ao congreso.
- c) Para repartir quedarán **142** delegados e delegadas, que se distribuirán metade por metade entre as organizacións de rama e as organizacións de territorio **(71+71)**.
- d) A Federación de Pensionistas e Xubilados estará representada por **5** persoas delegadas (último parágrafo, apartado 10, letra *d* do artigo 17 dos Estatutos Confederais: «A representación da Federación de Pensionistas e Xubilados fixarase na mesma porcentaxe que actualmente ten para o 11º Congreso», que foi do 6,59%, incrementado nunha delegada ou delegado máis **(6 delegados e delegadas)**).
- e) Polo tanto, para distribuír quedarán os seguintes delegados e delegadas
 - Unións comarcais e intercomarcais: **71**
 - Federacións nacionais: **71 – 6 = 65**
- f) Os **136** delegados e delegadas serán repartidos proporcionalmente tomando como base os datos das medias de cotizacións do período que se estende desde 1 de xaneiro de 2016 a 31 de decembro de 2019, que certifique a UAR o 31 de maio de 2020.
- g) De acordo con todo o anterior, a distribución de delegados e delegadas ao 12º Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia é a que figura no seguinte cadro:

Distribución delegados e delegadas					Porcentaxe xénero	
Organización	Media cotizacións 2016-2019	%	Delegados e delegadas	final	Mulleres	Homes
A Coruña	9.579	19,307	13,708	14	50	50
Ferrol	8.424	16,979	12,055	12	34	66
Santiago-Barbanza	5.810	11,710	8,314	8	55	45
Lugo	3.846	7,753	5,504	5	43	57
A Mariña	1.495	3,014	2,140	2	38	62
Ourense	4.749	9,572	6,796	7	50	50
Arousa	1.762	3,550	2,521	3	47	53
Pontevedra	2.898	5,842	4,148	4	50	50
Vigo	11.050	22,273	15,814	16	42	58
Total	49.614	100,000	71	71	46	54
Construción e Servizos	4.391	10,254	6,665	7	44	56
FSC	10.580	24,706	16,059	16	44	56
Servizos	6.964	16,262	10,570	11	58	42
Ensino	4.317	10,081	6,553	6	74	26
Industria	12.991	30,337	19,719	20	20	80
Sanidade	3.580	8,360	5,434	5	81	19
PPXX (*)	6.791			6	18	82
Total	49.614	100	65	71	46	54
Total máis PPXX		100				
Nº delegados e delegadas para distribuír						142
Delegados e delegadas natos (CEN)						9
Total						151

(*) A Federación de Pensionistas e Xubilados estará representada por 6 delegados e delegadas (consonte o establecido no último parágrafo, apartado 10. d) do artigo 17 dos Estatutos Confederais: «A representación da Federación de Pensionistas e Xubilados fixarase na mesma porcentaxe que actualmente ten para o 11.º Congreso», INCREMENTADA NUN DELEGADO OU DELEGADA MÁIS.

- h) As organizacións disporán dun prazo de cinco días hábiles para impugnar a distribución de delegados e delegadas ante a CIN do Sindicato Nacional.

Cuadraxésimo primeira

As delegacións ao 12º Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia serán as seguintes:

Unións comarcais ou intercomarcais:

A Coruña, Ferrol, Santiago-Barbanza, Lugo, A Mariña, Ourense, Pontevedra, Arousa e Vigo.

Federacións Nacionais:

Construción e Servizos, Servizos á Cidadanía, Servizos, Industria, Ensino, Sanidade e Pensionistas e Xubilados.

Cuadraxésimo segunda:

Cada delegación elixirá un presidente ou presidenta que actuará como portavoz cando emita a súa opinión.

Cuadraxésimo terceira

O Sindicato Nacional de CCOO de Galicia rexistrará no SIC, no prazo máximo de dous días hábiles dende a celebración do Congreso, a acta, que deberá conter as emendas que se aprobasen respecto dos documentos do 12 Congreso Confederal, así como o nome das persoas elixidas delegadas ao Congreso Confederal, coa desagregación numérica por xénero e a asignación ás diferentes comisións. Tamén constará o nome do presidente ou presidenta da delegación. A esta acta acompañarase un exemplar de cada candidatura presentada.

Cuadraxésimo cuarta. Presidencia do 12º Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia

A presidencia do 12º Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia estará formada por:

- Unha persoa de cada unha das tres federacións nacionais con maior número de cotizacións.
- Unha persoa de cada unha das tres unións comarcais ou intercomarcais de maior número de cotizacións.
- Dúas persoas da Comisión Executiva saínte elixidas no seu seo.
- Ata un máximo de tres persoas elixidas pola Comisión Executiva saínte, debido á conveniencia de que formen parte da presidencia organizacións de reducida cotización ou en representación de sectores específicos de traballadores ou traballadoras.
- As persoas que representen os territorios e as ramas serán elixidas previamente pola respectiva delegación.
- Procurarase que a conformación final da mesa reflecta a paridade de xénero.
- A elección de todas estas persoas será comunicada á Secretaría de Organización do Sindicato Nacional con, polo menos, cinco días hábiles de antelación ao inicio do Congreso.

Cuadraxésimo quinta. Comisións do Congreso

As comisións do congreso estarán formadas por:

Comisión técnica

1. Nomeada pola Comisión Executiva do S. N. de CCOO de Galicia, que contará coa asistencia necesaria da Secretaría de Organización, da que dependerá ata a constitución da mesa do congreso.
2. A Comisión técnica constituirase no tempo e a forma que correspondan de acordo co disposto no regulamento que rexa o congreso.
3. A Comisión técnica terá as funcións recollidas na disposición xeral oitava destas normas.

Comisión de resolucións

- Unha persoa das tres federacións nacionais de maior número de cotizacións.
- Unha persoa das tres unións comarcais ou intercomarcais de maior número de cotizacións.
- Tres persoas da Comisión Executiva saínte.

Comisión electoral (ou de candidaturas)

- Unha persoa por cada unha das delegacións ao congreso.
- Catro persoas da Comisión Executiva saínte.

Garantirase a presenza de homes e mulleres en todas as comisións.

Cuadraxésimo sexta. Desenvolvemento do Congreso

Os debates do 12º Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia celebraranse en sesión plenaria, exceptuadas as comisións reflectidas no número anterior cuxas conclusións se trasladarán ao plenario do modo que se determine no regulamento. Para facilitar os debates en plenario seguiranse as seguintes normas:

- a) Antes do 29 de abril de 2021, celebraranse reunións dos presidentes e presidentas ou portavoces de cada delegación, así como dos portavoces das posicións minoritarias con máis do 20 % dos votos de cada delegación, xunto cos membros da Comisión de relatorio elixida.
- b) Na citada reunión acordaranse as emendas ou modificacións aprobadas aos textos propostos nos congresos previos que se asuman, así como os textos transaccionais.
- c) As restantes emendas ou modificacións non asumidas ou froito de transaccións quedarán pendentes para ser debatidas nas sesións plenarias do Congreso. Iso permitirá que, de acordo coa presidencia do Congreso, se distribúan tempos de defensa de emendas e texto proposto máis amplos, así como a existencia de varias

quendas a favor e en contra, de xeito que o plenario do Congreso poida coñecer do debate e emendas máis substantivas expostas sobre os textos propostos.

- d) No caso de que algunha delegación se mostre maioritariamente desconforme con algunha emenda asumida ou que fose obxecto de transacción na reunión previa de portavoces coa comisión de relatorio, poderán requirir da mesa presidencial tempo para defender o texto orixinal fronte á emenda ou texto obxecto da transacción.

Cuadraxésimo sétima

Todos os acordos do congreso se adoptarán por maioría simple, salvo os que teñan por obxecto a modificación dos estatutos do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia nos apartados de definición de principios e definición do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, que requirirán maioría de dous terzos.

Cuadraxésimo oitava

Asegurarase un tempo mínimo de catro anos de afiliación para poder presentarse nas candidaturas para integrar os órganos do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia.

Cuadraxésimo novena

Non poderán ser candidatas á Secretaría Xeral do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia as persoas afiliadas que xa desempeñaran o cargo durante tres mandatos.

CAPÍTULO V

DAS NORMAS SOBRE OS ACORDOS DOS CONGRESOS PREVIOS AO 12º CONGRESO DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA

Quincuaxésima

1. Todos os acordos, resolucións e emendas dos congresos das federacións nacionais, unións comarcais ou intercomarcais do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia que poidan afectar ao conxunto do Sindicato Nacional de CCOO ou aos Estatutos terán carácter de propostas para a súa discusión e, se for o caso, aprobación no 12º Congreso do Sindicato Nacional.

CAPÍTULO VI

PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓNS NO MARCO DO 12º CONGRESO DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA

Nivel I / Nivel II / Nivel III

1. Todas as reclamacións sobre o desenvolvemento do proceso congresual nestes niveis organizativos terán que formalizarse por escrito ante a **Comisión de Interpretación de Normas do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia (NIVEL IV)**, dentro o prazo de dous días hábiles contados a partir da data do feito concreto contra o que se reclama, salvo que nas normas congresuais se indique expresamente outra cousa. Irán á CIN das federacións estatais as reclamacións que atinxan ao seu ámbito.
2. A CIN do S. N. disporá dun prazo de dous días hábiles —contados a partir do día seguinte á data en que reciba a reclamación— para resolver e notificar, salvo que nas normas congresuais se indique expresamente outra cousa.
3. A resolución da Comisión de Normas do Sindicato Nacional poderá ser recorrida ante a Comisión de Interpretación de Normas Confederal (CIN Confederal), no prazo de dous días hábiles contados a partir da notificación da resolución, salvo que nas normas congresuais se indique expresamente outra cousa.
4. A CIN Confederal disporá de tres días hábiles contados a partir da recepción do recurso para resolver e notificar, salvo que nas normas congresuais se indique expresamente outra cousa.
5. As resolucións da CIN Confederal nos recursos contra as resolucións das Comisións do nivel IV son definitivas e executivas.

Nivel IV

- 1) Todas as reclamacións sobre o proceso congresual do 12º Congreso do Sindicato Nacional deberanse formalizar ante a Comisión de Interpretación de Normas Confederal, no prazo de dous días hábiles contados a partir da data do feito concreto contra o que se reclama.
- 2) Esta CIN Confederal disporá dun prazo de tres días hábiles —contados a partir do día seguinte á data en que reciba a reclamación— para resolver e notificar, salvo que nas normas congresuais se indique expresamente outra cousa.
- 3) As resolucións da Comisión de Interpretación de Normas Confederal das reclamacións sobre o proceso congresual do nivel IV son definitivas e executivas.

Nivel V

Todas as reclamacións sobre o desenvolvemento do 12 Congreso Confederal presentaranse ante a Comisión de Interpretación de Normas Confederal no prazo de dous días contados a partir da data do feito concreto contra o que se reclama.

O prazo para resolver e notificar é de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte á data en que reciba a reclamación.

CRITERIOS COMÚNS PARA PROCEDER ÁS RECLAMACIÓNS SOBRE OS ACTOS DO 12º CONGRESO DO S. N. DE CCOO DE GALICIA

- a) Están lexitimadas para presentar reclamacións a título individual todas as persoas afiliadas e, a título colectivo, as representantes das candidaturas, encadradas todas elas no ámbito concreto en que se producise o acto contra o que se reclama.
- b) Tamén están lexitimados para presentar reclamacións os órganos de dirección concernidos polo acto contra o que se reclama.
- c) Para os efectos de computar os prazos, todos os días se consideran hábiles excepto os sábados, domingos e festivos (entendendo por estes os días festivos do Estado, comunidade autónoma e locais do ámbito xeográfico da reclamante).
- d) Nas reclamacións apuntaranse inescusablemente os datos identificadores das persoas que reclaman (nome e apelidos, número de DNI, enderezo, así como o número de teléfono móbil e dirección do correo electrónico, para a práctica de toda clase de comunicacións polos devanditos medios). Dado o carácter urxente e extraordinario do procedemento de reclamacións congresuais, a persoa reclamante deberá asegurarse de que ten dispoñibilidade para recibir as correspondentes notificacións dentro dos prazos que se sinalan nestas normas.
- e) Estas reclamacións serán presentadas ante a Comisión competente por escrito, debidamente asinado pola reclamante, podendo facelo por correo electrónico, persoalmente ou outros, que permita que sexan rexistradas na Comisión dentro do

prazo habilitado para a súa presentación. Non se admitirán reclamacións que non se reciban na comisión competente dentro do prazo sinalado.

f) As reclamacións enviaranse:

As reclamacións ante a CIN do Sindicato Nacional enviaranse a:

Comisión de Interpretación de Normas do S. N. de CCOO de Galicia
Rúa de Miguel Ferro Caaveiro, 8. 15701 - Santiago
(Secretaría de Organización)
15707 Santiago de Compostela
Correo electrónico: cinsn@galicia.ccoo.es
Teléfono: 981 551 800

As reclamacións ante a CIN Confederal enviaranse a:

Comisión de Interpretación de Normas da C. S. de CCOO
C/ Fernández de la Hoz, 12, 3ª planta
(Secretaría de Organización)
28010 - Madrid
Correo electrónico: cinrr@ccoo.es

- g) As reclamacións ante as CIN das organizacións confederadas dirixiranse á dirección que se indique nas súas normas congresuais específicas.
- h) No escrito de reclamación, ao que se acompañarán os documentos que conveñan ao dereito de quen reclama, reflectirase a comisión á que se dirixe, enumeraranse de forma clara e concreta os feitos sobre os que se reclama e todo aquilo que, segundo as normas, resulte imprescindible para resolver as cuestións expostas. Así mesmo, expresarase claramente a petición concreta da reclamación sobre a que a CIN debe resolver.
- i) En ningún caso poderán alegarse nos recursos que se presenten ante a CIN Confederal de segunda instancia feitos distintos dos alegados na primeira nin modificar a petición inicial.
- j) As reclamacións que se presenten ante a CIN Confederal en segunda instancia deberán ir acompañadas da resolución contra a que se reclama.
- k) Dado o carácter extraordinario e urxente do procedemento de reclamacións, só serán atendidas as reclamacións ou recursos que se presenten ante a comisión competente segundo as Normas congresuais, sendo rexeitadas de plano todas as reclamacións ou recursos que non cumpran este requisito esencial.
- Así mesmo, serán desestimadas de plano todas as reclamacións ou recursos que non cumpran os requisitos que se apuntan nestas normas.
- l) A todas as reclamacións ou recursos asignaráselles un número de referencia e quedarán debidamente rexistradas na comisión correspondente. A comisión competente xustificará a recepción da reclamación ou recurso.
- m) Nas resolucións das CIN indicarse se cabe recurso, ante quen debe interperse e o prazo para facelo.

- n) Todas as comisións teñen a ineludible obriga de resolver as súas reclamacións dentro dos prazos fixados, utilizando criterios homoxéneos e fundados nos Estatutos, normas congresuais e regulamentos sindicais e nas resolucións da Comisión de Garantías Confederal, evitando en todo momento a arbitrariedade nas súas decisións e garantindo que a reclamante non quede en situación de indefensión.
- o) As resolucións da CIN Confederal son definitivas e executivas e contra elas non caberá recurso ante ningún órgano de dirección sindical.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Única

Nas asembleas de nivel I poderanse elixir tamén os conselleiros e conselleiras dos consellos dos sindicatos provinciais, comarcais ou intercomarcais (nivel II), ou, de ser o caso, os das federacións de rama e unións comarcais ou intercomarcais de nivel III, segundo os criterios que adopten as organizacións confederadas nas súas normas.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira

O Consello Nacional aprobará, ao tempo que o documento do Relatorio nacional, o método de presentación e discusión que se empregará coas emendas recibidas, para o seu posterior debate no marco do Congreso do Sindicato Nacional.

Segunda

O Sindicato Nacional fixa nas súas normas congresuais unha escala que establece o número máximo de membros que cómpre elixir para os órganos de dirección do conxunto da súa estrutura organizativa, tendo en conta a afiliación e seguindo os criterios establecidos no anterior proceso congresual, para reducir a dimensión dos órganos de dirección.

Terceira

Para os efectos da aplicación do artigo 22 dos Estatutos confederais, non se considerará como dimisión que un ou varios membros do órgano colexiado teñan que abandonalo por ser elixidos para desempeñar cargos noutro órgano de dirección superior en calquera das estruturas de rama ou territorio confederadas, se esta se produce dentro dos prazos establecidos nas normas congresuais para o desenvolvemento dos congresos do artigo 17 dos Estatutos.

As vacantes que se produzan por esta causa serán cubertas, sempre que concorran dúas ou máis candidaturas, pola primeira persoa que non fose elixida da súa candidatura.

Para estes efectos, os novos membros incorporados ao órgano para cubrir estas dimisións terán o mesmo tratamento ca aqueles elixidos directamente no congreso correspondente.

Cuarta

As organizacións superiores de rama e os órganos de dirección do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia teñen o dereito e a obriga de colaborar e seguir os procesos congresuais de toda estrutura organizativa das súas organizacións.

Quinta

O incumprimento grave do establecido nestas normas facultará a estrutura organizativa superior para asumir a dirección do concreto proceso congresual.

Os/As representantes do órgano superior que asistan ao congreso ou asemblea congresual, ante incidencias moi graves que impidan o seu desenvolvemento regular, poderán acordar a súa suspensión. Neste suposto, o/a representante do órgano superior comunicará de xeito urxente a decisión ao órgano de dirección que representa, o cal convocará e celebrará no prazo de tres días hábiles unha reunión extraordinaria na que se confirmará ou revogará o acordo. Todo iso, sen prexuízo das competencias da CIN para resolver as reclamacións que se presenten contra a suspensión.

Sexta

Os sábados, domingos e festivos serán considerados días inhábiles, salvo para a celebración de asembleas ou congresos. Consideraranse días naturais todos os días do ano.

Sétima

A mención que se fai nestas normas de seccións sindicais, sindicatos, federacións ou unións «*constituídas*» está referida á estrutura organizativa que ten órganos de dirección estatutaria e «*non constituídas*», ás que carecen totalmente deles.

Oitava

Para coñecemento xeral da afiliación, na páxina web da CS de CCOO (www.ccoo.es) e na do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia (www.ccoo.gal), informarase do desenvolvemento do proceso congresual, independentemente das comunicacións colectivas e individuais que correspondan.

Novena

No non previsto nestas normas, serán de aplicación os Estatutos confederais e os do Sindicato Nacional.

Décima

Unha vez aprobadas polo Consello Nacional, estas Normas congresuais poderán ser obxecto de impugnación. A impugnación deberá presentarse no improrrogable prazo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia (www.ccoo.gal).

Undécima

Estas normas congresuais entrarán en vigor desde o momento da súa aprobación e estarán vixentes durante o mandato do 12º Congreso do Sindicato Nacional.

ANEXO I

COMPOSICIÓN CONGRESOS OU ASEMBLEAS CONGRESUAIS DE NIVEL II

Tramos de afiliación	Número delegados e delegadas	
	Mínimo	Máximo
ata 750	15	15
751 a 850	15	17
851 a 1000	17	20
1001 a 1300	20	26
1301 a 1600	26	32
1601 a 1900	32	38
1901 a 2300	38	46
2301 a 2700	46	54
2701 a 3100	54	62
3101 a 3500	62	70
3501 a 4000	70	80
4001 a 4500	80	90
4501 a 5000	90	100
5001 a 5500	100	110
5501 a 6000	110	120
6001 a 6500	120	130
6501 a 7000	130	140
7001 a 7500	140	150
7501 a 8000	150	160
8001 a 8500	160	170
8501 a 9000	170	180
9001 a 9500	180	190
9501 a 10 000	190	200
10 001 a 11 000	200	220
11 001 a 12 000	220	240
12 001 a 13 000	240	260
13 001 a 14 000	260	280
14 001 a 15 000	280	300
15 001 a 16 000	300	320
16 001 a 17 000	320	340
17 001 a 18 000	340	360
18 001 a 19 000	360	380
19 001 a 20 000	380	400

Regras que se han ter en conta para facer a repartición de delegadas e delegados entre as seccións sindicais constituídas e as asembleas agrupadas de nivel I para elixir os delegados e delegadas ao congreso de nivel II

1. Tendo en conta o número total de afiliadas e afiliados no 31-05-2020 que teña o sindicato provincial, comarcal ou intercomarcal, fíxase o número de delegadas e delegados que compoñerán os congresos ou asembleas congresuais de nivel II, conforme ao anexo I.
2. Ao número total de delegadas e delegados que compoñerán o congreso ou asemblea de nivel II, réstaselle o número de membros natos elixidos no seo da comisión executiva, comisión xestora ou dirección provisional.
3. O número total de afiliadas e afiliados no 31-05-2020 divídese entre o número total de delegados e delegadas que se han elixir nas asembleas de nivel I para asistir ao congreso de nivel II.
4. O resultado da operación anterior será o cociente que nos indicará a media de persoas afiliadas que necesita unha sección sindical constituída para elixir delegación propia ao congreso ou asemblea congresual de nivel II.
5. Toda a afiliación das seccións sindicais constituídas e sen asemblea propia distribúese nas asembleas agrupadas segundo os criterios fixados pola federación.
6. Finalmente, repártense os delegados e delegadas proporcionalmente á afiliación de cada asemblea.

Seguindo estas regras, respectarase o principio de proporcionalidade en todo o ámbito da elección.

ANEXO II**NÚMERO DE DELEGADOS E DELEGADAS QUE COMPOÑERÁN OS
DIFERENTES CONGRESOS OU ASEMBLEAS CONGRESUAIS DE NIVEL III E O
12º CONGRESO DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA**

Tramos de afiliación media	Número de delegadas e delegados	
	Mínimo	Máximo
Ata 2000	25	50
De 2001 a 5000	40	75
De 5001 a 15 000	50	125
De 15 001 a 25 000	75	150
De 25 001 a 50 000	100	200
De 50 001 a 100 000	150	300
De 100 001 a 150 000	250	400
Máis de 150 001	250	500

ANEXO III

**PROPOSTA ORGANIZATIVA DOS ÓRGANOS DE DIRECCIÓN
DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA**

Segundo se establece na Disposición Final Segunda: O Sindicato Nacional fixa nas súas normas congresuais unha escala que establece o número máximo de membros que cómpre elixir para os órganos de dirección do conxunto da súa estrutura organizativa, tendo en conta a afiliación e seguindo os criterios establecidos no anterior proceso congresual, para reducir a dimensión dos órganos de dirección.

Nº de persoas cotizantes das organizacións	Nº membros Consello	Nº máximo de membros comisións executivas, incluída a Secretaría xeral
Ata 1000	21	7
De 1001 a 3000	25	9
De 3001 a 6000	35	11
De 6001 a 9000	45	13
Máis de 9000	61	15

En todos os casos, as escalas referidas no cadro anterior poderán incrementarse nun máximo do 10 por 100 por causas excepcionais debidamente xustificadas. No caso das federacións nacionais, se este cadro entrase en contradición co establecido nas normas aprobadas polas súa respectivas federacións estatais, estarase ao que estas últimas establezan.

ANEXO IV

PROTECCIÓN DAS PERSOAS AFILIADAS EN RELACIÓN CO TRATAMENTO DOS SEUS DATOS PERSOAIS

Aplicaranse medidas técnicas e organizativas apropiadas en todo o proceso congresual para garantir un nivel de seguridade adecuado e serán aplicables a todas aquelas persoas que participen no proceso congresual, en especial, as secretarías de organización, a comisión técnica, os membros do colexio electoral, as mesas electorais e as candidaturas, así como aos seus representantes e interventores/ras.

As únicas ferramentas para traballar serán as ferramentas administrativas e tecnolóxicas confederais.

Co fin de cumprir coa normativa en materia de protección de datos e de respectar a confidencialidade dos datos persoais da súa afiliación, elaboraranse as instrucións técnicas necesarias para a súa execución.

Recollerase expresamente:

- Sobre a CUSTODIA de ficheiros automatizados (arquivos e soportes informáticos) e non automatizados (documentos en papel) as normas aplicables.
- Sobre a xestión dos CENSOS:
 - Os censos estarán no SIC a disposición da Secretaría de Organización unicamente para os supostos recollidos nestas normas.
 - Será responsabilidade a Secretaría de Organización a xestión dos permisos e accesos ao Módulo de Congresos de SIC concedidos aos usuarios e usuarias.
 - Non haberá posibilidade de extraer das aplicacións outras listaxes ou censos diferentes aos aquí recollidos.
 - Os censos deberán levar unha cláusula de aceptación de deber de custodia e responsabilidade.
 - En todas as listaxes ou as extraccións de censos haberá marca de rastrexabilidade que permita identificar cada documento.
 - Está prohibido, terminantemente, a realización de copias ou captación de imaxes, parciais ou totais, do censo, así como a difusión ou divulgación por calquera medio.
- Sobre as MESAS ELECTORAIS E COLEXIOS ELECTORAIS
 - Correspóndelles ás mesas electorais a custodia dos censos definitivos durante a asemblea ou congreso e de canta documentación no desempeño das súas funcións sexa da súa responsabilidade.
 - Porase a disposición o censo electoral, en formato electrónico, coas medidas de seguridade pertinentes.

- Non se permitirá a consulta a persoa allea á Mesa Electoral e que non estea autorizada. Só estará a disposición das representantes ou interventoras das candidaturas.
- Sobre as ACTAS, CANDIDATURAS, RECLAMACIÓNS E RESTO DE DOCUMENTOS
 - Todos os documentos congresuais en formato papel deberán ser custodiados como se detalla en procedemento de arquivo e custodia da documentación.
 - Toda a documentación da asemblea ou congreso será escaneada para o seu arquivo electrónico no espazo habilitado no SIC. Non se gardará documentación en espazos non habilitados.

ANEXO V

INSTRUCCIÓN BÁSICAS PARA A VOTACIÓN ELECTRÓNICA

1. O voto telemático iniciarase nas datas establecidas e sempre antes do voto presencial.
2. Todas as persoas afiliadas ou delegados e delegadas con dereito a voto terán que dispor de teléfono móbil e conta de correo electrónico. Tanto o número de móbil como o correo electrónico deberán ser únicos na base de datos do Sistema Informático Confederal.
3. O proceso de votación realizarase desde o espazo da persoa afiliada na páxina web <https://ssl.ccoo.é/afiliacion> ou desde a app de afiliación que poderán descargar desde Play Store ou Apple Store.
Nestes dous espazos haberá un apartado de participación onde se habilitarán as opcións para acceder aos procesos de votación. Neste apartado informarase debidamente das datas de inicio e de peche dos procesos de votación.
4. Cando se abra o proceso de votación telemática, poderase exercer o voto seguindo as instrucións que se vaian proporcionando neste espazo. No momento de votar recibírase un código sms ao móbil e deberase introducir na pantalla habilitada nese momento para confirmar o voto emitido.
5. A continuación, a persoa que exercese o voto recibirá un correo electrónico na súa conta onde se lle indicará o momento do voto e un código QR para poder identificar o instante do voto. Esta base de datos de códigos QR de votos queda almacenada como garantía do instante do voto de cada persoa.
6. Unha vez fechado o proceso de votación telemática, poderase iniciar o proceso de votación presencial. Para realizar este proceso, previamente identificaranse os centros físicos onde se vaian realizar as votacións para poder extraer do Sistema Informático Confederal o censo de persoas con dereito a voto, no que estará reflectido se emitiron o voto telemático para non producirse duplicidade nas votacións.
7. Rematado o proceso electoral, procederase a redactar acta da votación presencial e rexistrarase o escrutinio desa mesa no Sistema Informático Confederal.
8. Chegada a hora establecida no sistema para mostrar os resultados electorais, poderanse obter do Sistema Informático Confederal os informes de votacións cos resultados telemáticos e presenciais.

ANEXO VI

MODELO DE ACTAS

ACTA DA ASEMBLEA CONGRESUAL CELEBRADA EN:

Centro de traballo

Empresa

Rama

Localidade..... Comarca.....

Data

Número de afiliados e afiliadas a CCOO.....

Mulleres Homes

Numero de delegadas e delegados asistentes.....

Mulleres Homes

Órgano superior asistente.....

Orde do día da asemblea:

1º

2º

3º

Composición da mesa presidencial da asemblea:

Presidente/a.....

Secretario/a.....

Vogal:.....

Compoñentes do novo órgano de dirección (de se elixir)

Nº orde	DNI	Nome	1º apelido	2º apelido

Delegados e delegadas elixidos para o congreso ou asemblea de ámbito superior

Titulares:

Nº orde	DNI	Nome	1º apelido	2º apelido

Suplentes:

Nº orde	DNI	Nome	1º apelido	2º apelido

ANEXO I. Como tal anexo, xúntanse os textos do debate e emendas votadas maioritariamente con expresión das votacións acadadas por cada unha delas (caso de non poder xuntar os textos, copiar as emendas no espazo destinado ao Anexo I).

ANEXO II. Como tal anexo, xúntanse os textos das emendas votadas minoritariamente pero que acadaron o 10 % dos votos esixido (para os procesos de nivel I e II), con expresión das votacións por cada unha delas (caso de non poder xuntar os textos, copiar as emendas no espazo destinado ao Anexo II).

ANEXO 3. Como tal anexo, xúntase a Acta da mesa electoral, que deberá incluír un exemplar de cada candidatura presentada.

Como secretario/a da Mesa fago constar (relatar brevemente calquera outra circunstancia relevante):

.....

Sinaturas dos compoñentes da Mesa da asemblea:

O presidente/a

O secretario/a

Vogais

Anexo I: Textos do debate e emendas maioritarias⁽¹⁾

1. Xúntanse os textos con expresión ao final do resultado da votación de cada emenda.
2. Copia das emendas maioritarias:

1ª (Texto)

Votación:

Votos a favor
 Votos en contra
 Abstencións
 TOTAL

2ª (Texto)

Votación:

Votos a favor
 Votos en contra
 Abstencións
 TOTAL

3ª (...)

⁽¹⁾ De optar polo método do apartado 1, o apartado 2 queda eliminado e viceversa.

Anexo II: Emendas que acadaron o 10 % dos votos esixibles pola normativa (para os procesos de nivel I e II)⁽²⁾

1. Xúntanse os textos con expresión ao final do resultado da votación de cada emenda.
2. Copia literal das emendas minoritarias:

1ª (Texto)

Votación:

Votos a favor
 Votos en contra
 Abstencións
 TOTAL

2ª (Texto)

Votación:

Votos a favor
 Votos en contra
 Abstencións
 TOTAL

3ª (...)

⁽²⁾ De optar polo método do apartado 1, o apartado 2 queda eliminado e viceversa.

Anexo III: Acta da Mesa electoral

Centro de traballo
Empresa
Rama
Localidade..... **Comarca**.....
Data

Composición da Mesa:

Presidente/a
Secretario/a
Vogal

Censo electoral definitivo:

Número de votantes
Votos válidos
Votos brancos
Votos nulos.....

Elección de delegados e delegadas para o congreso ou asemblea congresual de ámbito superior.

Votos obtidos por cada candidatura:

Candidatura A
Candidatura B
Candidatura
Número total que corresponde elixir:

Persoas elixidas (especificar a candidatura de orixe)

Titulares:

Nº orde	DNI	Nome	1º apelido	2º apelido	Localidade orixe	Candidatura
1						
2						
3						
4						

Número de homes..... **Número de mulleres**

Suplentes:

Nº orde	DNI	Nome	1º apelido	2º apelido	Localidade orixe	Candidatura
1						
2						
3						
4						

Número de homes..... Número de mulleres

Elección de órganos de dirección (se procede):**Votos obtidos por cada candidatura:**

Candidatura A

Candidatura B

Candidatura

...

Número total que corresponde elixir:

Persoas elixidas (especificar a candidatura de orixe)

Titulares:

Nº orde	DNI	Nome	1º apelido	2º apelido	Localidade orixe	Candidatura
1						
2						
3						
4						

Número de homes..... Número de mulleres

Suplentes:

Nº orde	DNI	Nome	1º apelido	2º apelido	Localidade orixe	Candidatura
1						
2						
3						
4						

Número de homes..... Número de mulleres

Entrégase esta acta á Mesa da Asemblea.

O presidente/a

O secretario/a

Vogal

MODELO PROPOSTA PARA**ACTA DO CONGRESO OU ASEMBLEA CONGRESUAL CELEBRADA EN:**

Comarca.....

Unión/Federación/Sindicato

Data

Número de asistentes:

A) Membros natos

B) Membros electos.....

C) Homes..... Mulleres.....

TOTAL

Órgano superior asistente.....

Orde do día do congreso ou asemblea:

1º.....

2º.....

3º.....

Composición da Mesa presidencial do congreso ou asemblea:

Presidente/a

Secretario/a

Vogais

.....

Nomes do novo órgano de dirección (de se elixir):

Secretario/a xeral

Resto membros:

.....

Número de listas presentadas á elección dos órganos de dirección e votos obtidos por cada unha:

Candidatura A:

Candidatura B:.....

Candidatura C:.....

Nomes da Comisión de Garantías (de se elixir):

1.

2.

3.

(...)

Nomes dos delegados/as elixidos para o congreso ou asemblea congresual do órgano superior:**A) Titulares**

1.

2.

3.

Homes..... Mulleres

B) Suplentes

1.

2.

3.

Homes..... Mulleres

Número de membros do Consello (da federación ou unión, de se elixir):.....

ANEXO I. Como tal anexo, xúntanse os textos do debate e emendas votadas maioritariamente con expresión das votacións acadadas por cada unha delas (caso de non poder xuntar os textos, copiar as emendas no espazo destinado ao Anexo I).

ANEXO II. Como tal anexo, xúntanse os textos das emendas votadas minoritariamente pero que acadaron o 10 % dos votos esixido (para os procesos de nivel II) ou o 20 % dos votos (para os procesos de nivel III e IV), con expresión das votacións por cada unha delas (caso de non poder xuntar os textos, copiar as emendas no espazo destinado ao Anexo II).

ANEXO 3. Como tal anexo, xúntanse as resolucións aprobadas polo Congreso con expresión dos votos acadados por cada unha delas.

ANEXO 4. Xuntarase á acta un exemplar de cada candidatura presentada.

Outras circunstancias relevantes (detalladas):

.....

Sinatura dos compoñentes da Mesa do e data de redacción da acta.

O presidente/a

O secretario/a

Vogal/ais

Anexo I: Textos do debate e emendas maioritarias⁽¹⁾

1. Xúntanse os textos con expresión ao final do resultado da votación de cada emenda.

2. Copia das emendas maioritarias:

1ª (Texto)

Votación:

Votos a favor

Votos en contra

Abstencións

TOTAL

2ª (Texto)

Votación:

Votos a favor

Votos en contra

Abstencións

TOTAL

3ª (...)

⁽¹⁾ De optar polo método do apartado 1, o apartado 2 queda eliminado e viceversa.

Anexo II: Emendas que acadaron o 10 % dos votos esixibles pola normativa (para os procesos de nivel I e II)⁽²⁾ ou o 20 % dos votos (para os procesos de nivel III e IV)

1. Xúntanse os textos con expresión ao final do resultado da votación de cada emenda.

2. Copia literal das emendas minoritarias:

1ª (Texto)

Votación:

Votos a favor

Votos en contra

Abstencións

TOTAL

2ª (Texto)

Votación:

Votos a favor

Votos en contra

Abstencións

TOTAL

3ª (...)

⁽²⁾ De optar polo método do apartado 1, o apartado 2 queda eliminado e viceversa.

Anexo III: Resolucións do Congreso

Xúntanse os textos das resolucións que acadaron os seguintes resultados

1ª Resolución sobre (citar o tema obxecto da resolución):

Votos a favor

Votos en contra

Abstencións

TOTAL

2ª Resolución sobre (citar o tema obxecto da resolución) (...)

ANEXO VII

MODELO PARA A PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

Asemblea ou Congreso para o que se presenta:

Nº orde	Nome	Apelido	Apelido	Antigüidade	Sinatura aceptación

Presentada por Lugar Data

Enderezo para comunicacións, teléfono e correo electrónico

Notas:

Acompañar documento de identidade de cada un dos candidatos/as para nivel I.

Acompañar documento de identidade de candidatos/as non acreditados para niveis II, III, IV e V.

Nos niveis II, III, IV e V, acompañar os avais necesarios.

As comunicacións relacionadas con esta candidatura faranse á persoa que a presente.

ANEXO VIII

MODELO PARA RECLAMACIÓN SOBRE ACTOS DO PROCESO CONGRESUAL

Para a Comisión de Interpretación de Normas de CCOO de _____

Correo electrónico: cinrr@ccoo.es (Confederal); cinsn@galicia.ccoo.es (do S. N.)

- Nome e apelidos da persoa afiliada que presenta o recurso
- DNI ou NIE
- Lexitimación: (afiliada, representante da candidatura, candidata, outras)
- Organización á que pertence.
- Resolución contra a que recorre (Acompañarase necesariamente unha copia da resolución contra a que se reclama)
- Correo electrónico para recibir comunicacións
- Número de teléfono
- Descrición dos feitos relevantes e das normas que, a persoa que recorre, entende que foron vulneradas na resolución de primeira instancia que se recorre.
- Petición concreta que se realiza.
- Lugar, data e sinatura (A sinatura deberá ser orixinal, ben autógrafa ou electrónica. Non se admitirán escritos sen sinatura ou con sinatura «copiada» ou «inserida»).

ANEXO IX

APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DOS ANEXOS DE CONTIDO ORGANIZATIVO DAS UNIÓNS COMARCAIS E INTERCOMARCAIS DO S.N. DE CCOO DE GALICIA PARA A CELEBRACIÓN DOS SEUS RESPECTIVOS CONGRESOS (táboa resumo)

Todos os anexos congresuais das unións comarcais e intercomarcais, aprobados no Consello Nacional do 25 de setembro de 2020, adecúanse ás modificacións aprobadas polo Consello Confederal do 20 de outubro de 2020 e recollidos nestas Normas.

O calendario modificado é o seguinte:

	DATAS	LUGAR	ASISTENTES/ELECTOS/ NATOS			Elixen para 12º CONGRESO DO S.N.
U.C. A CORUÑA (9º Congreso)	30-04-2021	A Coruña	90	81	9	14
U.C. FERROL (12º Congreso)	28-04-2021	Ferrol	72	70	2	12
U.I. SANTIAGO-BARBANZA (4º Congreso)	14-04-2021	Santiago	80	72	8	8
U.C. LUGO (12º Congreso)	30-04-2021	Lugo	50	45	5	5
U.C. A MARIÑA (8º Congreso)	16-04-2021	Viveiro	30	27	3	2
U.I. OURENSE (4º Congreso)	14-04-2021	Ourense	75	68	7	7
U.C. VIGO (9º Congreso)	16-04-2021	Vigo	70	63	7	16
U.C. PONTEVEDRA (11º Congreso)	16-04-2021	Pontevedra	60	54	6	4
U.C. AROUSA (9º Congreso)	12-04-2021	Vilagarcía	30	27	3	3
TOTAL PARTICIPANTES NOS CONGRESOS COMARCAIS		557 DELEGADOS E DELEGADAS				